

Santiago, 18 de marzo de 2024

## 24º XOGOS AUTONÓMICOS DE ATLETISMO SPECIAL OLYMPICS GALICIA, VILAGARCIA 2024.

Estimado/a amigo/a:

O motivo do presente escrito é informarnos a cerca da posible celebración dos "24º XOGOS AUTONÓMICOS DE ATLETISMO SPECIAL OLYMPICS GALICIA," para persoas con Discapacidade Intelectual, que se celebrarán nas PISTAS DO ESTADIO DE ATLETISMO DE VILAGARCIA **Sábado 20 de Abril de 2024**. Esta actividade será organizada por **SPECIAL OLYMPICS GALICIA**, coa colaboración de **FADEMGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA** e promovido pola **ASOCIACIÓN CON ELES de VILAGARCIA**.

Tamén teñen á súa disposición, esta convocatoria e os seus regulamentos na nosa web [www.specialolympicsgalicia.org](http://www.specialolympicsgalicia.org)

### **A CUOTA DE PARTICIPACIÓN POR CADA PARTICIPANTE (DEPORTISTA OU ADESTRADOR) É DE:**

6 €	Deportistas e adestradores de entidades socias de Special Olympics Galicia.
12 €	Deportistas e adestradores de entidades non socias de Special Olympics Galicia.

O considerarse unha cota mínima esta non será devolta en caso de baixa.



**ESTA CUOTA SERÁ INGRESADA POLA ASOCIACIÓN NA CONTA DE SPECIAL OLYMPICS GALICIA (ABANCA: ES08-2080-0386-32-3040004746) NUN SÓ INGRESO POLO TOTAL DE DEPORTISTAS PARTICIPANTES, ANTES DO 9 DE ABRIL.**

**ASUNTO DO INGRESO: N° DEPORTISTAS\_ENTIDADE**

Para á manutención, rogámoslles que nos comuniquen as posibles Dietas Especiais dos Deportistas (No formulario adxunto). Só son validas as dietas xustificadas por recomendación facultativa.



**Cada parada de transporte colectivo non durará máis de 5 minutos.**

A organización correrá, ó igual que noutros eventos autonómicos, cos gastos de transporte e restauración dos/das deportistas e dos/das seus adestradores/as.

As entidades que inscriban 9 persoas priorizarán como medio de transporte furgoneta da entidade. **Co obxecto de rentabilizar o gasto de transporte, as entidades máis próximas ou que coincidan en ruta compartirán o mesmo servizo.**

**PRAZO 9 DE ABRIL DE 2024**



A factura do transporte deberá estar a nome de **SPECIAL OLYMPICS GALICIA**. C.I.F G-15. 771.777, Vía Pasteur, 53 B, Pol. Tambre, 15.890, Santiago de Compostela. **Só serán válidos os gastos de transporte en vehículos da entidade presentados nas dúas semanas posteriores ó evento. XUSTIFICADOS CON FACTURA, MÁIS LIQUIDACION DE GASTOS CON DETALLE DOS KILOMETROS E TICKETS DE PEAXE ORIXINAIS.**

### **A organización encargárase da contratación do transporte.**

Antes do **9 de abril** deberedes remitir obrigatoriamente a documentación que se detalla e as follas adxuntas a esta convocatoria:

- Inscripción en formato Excel cubertas todas as follas e datos.
- Folla de Dietas Especiais (só son válidas con prescrición facultativa).
- *ORIXINAL detalle das persoas beneficiarias do transporte, percorrido e tipo (REQUERIMENTO EN CONVENIO DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE). Cubrir tantas follas como sexa preciso, e remitir con data posterior o evento. Este documento é para cubrir os participantes e adestradores inscritos.*
- Compromiso de Adestradores **ano 2024**.
- Certificado de negativos de delitos de natureza sexual de todas as persoas de apoio ós participantes. (ten unha vixencia dun ano dende a data do documento)
- Autorización Familiar **ano 2024** (Se non se posúe).
- Certificado médico **ano 2024** (Se non se posúe).
- Interpretación e copia da Avaliación de Inestabilidade Atlantoaxial no caso de deportista con Síndrome de Down (se non se posúe, aportalo se o certificado médico pon que SI a ten con detalle das actividades que pode facer)
- Fotocopia Certificado de Discapacidade (Se non se posúe).
- Fotocopia do DNI e Tarxeta Sanitaria.
- Xustificante de Ingreso da Cota de participación.
- Formulario B1 unificado/a
- Autorización unificados/as

**Tódalas inscricións, que cheguen fóra de prazo e/ou incompletas, todas aquelas que non estean OS **DOCUMENTOS ORIXINAIS NECESARIOS** na sede administrativa de Special Olympics Galicia ó rematar o día **9 DE ABRIL** do presente ano (data límite de inscrición e entrega de documentación), non serán admitidas para a competición.**

- **AS BAIXAS SEN XUSTIFICACIÓN MÉDICA OU DOCUMENTO ACREDITATIVO SIMILAR QUE NOS REPERCUTEN EN GASTO ECONÓMICO E ORGANIZATIVO SERÁN ABONADAS COA INDEMNIZACION DE 30 € POR PERSOA, SALVO QUE SE PRODUZA UNHA SUSTITUCIÓN DO PARTICIPANTE POR OUTRO DO MESMO SEXO, NIVEL E PROBA COMO PRAZO UNHA SEMANA ANTES DA ACTIVIDADE.**

**PRAZO 9 DE ABRIL DE 2024**



- **NO CASO DE SUPERACIÓN DO NÚMERO FACTIBLE DE PARTICIPANTES POR CAMPIONATO, SEGUNDO O ACORDADO NA COMISIÓN TÉCNICA DE SPECIAL OLYMPICS GALICIA CELEBRADA O 29 DE XANEIRO DE 2009, A ORGANIZACIÓN RESÉRVASE O DEREITO DE REDUCCIÓN DA CUOTA DE DEPORTISTAS POR ENTIDADE, EN FUNCIÓN DA PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE SPECIAL OLYMPICS GALICIA, DO CUMPLIMENTO DA FILOSOFÍA E NORMATIVA, E DO ÍNDICE DE ABSENTISMO INXUSTIFICADO UNHA VEZ RECIBIDAS AS INSCRICIÓNS (BAIXAS DE ÚLTIMA HORA), CO ÁNIMO DE MELLORALA CALIDADE E DAR UN MELLOR SERVIZO.**

Dende a organización **pedimos a súa participación e cooperación** para facilitar a organización do evento, por tal motivo, a nivel deportivo **pregamos máxima rigorosidade á hora de enviar as marcas.**

Aqueles e aquelas deportistas que non sexan inscritos no nivel correspondente, poden ser desclasificados, pregamos a máxima rigorosidade á hora de inscribir os deportistas nas Probas Adaptadas.

**É obrigatorio acreditar a necesidade de dietas especiais con prescrición médica.**

Como sempre, animamos a que conviden a todas as persoas que queiran asistir e desfrutar desta actividade.

Atentamente lles saúda.

**Eunice Mosquera Arnoso**  
Directora Técnica de Special Olympics Galicia

**PRAZO 9 DE ABRIL DE 2024**



# 24º XOGOS AUTONÓMICOS ATLETISMO, VILAGARCIA 2024

## “SPECIAL OLYMPICS GALICIA”

**ORGANIZA:**




**Special Olympics  
Galicia**

**COLABORA:**

**FADEMGA**



**PROMOVE:**



ASOC. DISMINUIDOS PSÍQUICOS  
"CON ELES"

**VILAGARCIA, Sábado 20 de abril 2024**

**PRAZO 9 DE ABRIL DE 2024**



Special Olympics  
Galicia



# 24º XOGOS AUTONÓMICOS DE ATLETISMO

## “SPECIAL OLYMPICS GALICIA”

**DEPORTE:** Atletismo

**DIA:** **Sábado 20 Abril de 2024**

**LUGAR:** Pistas Do Estadio de Atletismo de Vilagarcía.  
Rúa Camilo José Cela, 64,  
36619 Vilagarcía de Arousa, Pontevedra.

### **HORARIO PREVISTO:**

10:00 h. Chegada de entidades de participantes  
10:45 h. Acto de inauguración.  
12:00 h. Inicio da Competición.  
14:30 h. Xantar.  
16:00 h. Competición  
19:15 h. Acto de clausura. Recollida de trofeos e medallas de participación  
20:00 h. Saída de entidades participantes para o seu lugar de orixe.

**INSCRIPCIÓN:** Presentalas antes do **9 de Abril de 2024** nas oficinas:



### **“SPECIAL OLYMPICS GALICIA”**

Vía Pasteur, 53 B  
Polígono Industrial do Tambre.  
15.890-VILAGARCIA de Compostela.

**Fax: 981.519.816.**

**[administracion@specialolympicsgalicia.org](mailto:administracion@specialolympicsgalicia.org)**

**PRAZO 9 DE ABRIL DE 2024**



## **NORMAS PARA CUBRIR A FOLLA DE INSCRICIÓN**

A hora de inscribir os deportista: Escribírase primeiro o apelido e despois o nome

Nº de NIF

CATEGORÍAS: XUVENIS: De 8 a 11 anos  
OUTROS: De 12 en diante

No apartado "sexo" colocarase:

0 si é FEMENINO

1 si é MASCULINO

No apartado "data de nacemento" especificarase: Día / Mes / Ano

No apartado hándicaps colocarase o número que corresponda:

1-NECESIDADES DE APOIOS MOTRICES  
3- NECESIDADES DE APOIOS AUDITIVOS

2- NECESIDADES DE APOIOS VISUAIS  
4- NECESIDADES DE APOIOS DE LINGUAXE

5-MULTI-DISCAPACIDADES

6-CADEIRA DE RODAS

**No apartado proba (especificarase os seguintes CÓDIGOS):**

### **CARREIRAS NIVEL I E II**

#### CÓDIGO:

VELOCIDADE:	01	60 M.
	03	100 M.
MEDIO FONDO:	04	200 M.
	05	400 M.
FONDO:	06	800 M.
	07	1.500 M.
RELEVOS:	08	4X60 XUVENIS
	10	4X100
	11	4X100 UNIFICADOS

**PRAZO 9 DE ABRIL DE 2024**



### **CONCURSO NIVEL I E II**

#### CÓDIGO

- |    |                                       |
|----|---------------------------------------|
| 12 | SALTO DE LONXITUDE:TODALAS CATEGORIAS |
| 14 | LANZAMENTO PESO: MASCULINO            |
|    | 3 KG DE 8 A 11 ANOS                   |
|    | 4 KG DE 12 EN ADIANTE                 |
|    | FEMENINO:                             |
|    | 2 KG DE 8 A 11 ANOS                   |
|    | 3 KG DE 12 EN ADIANTE                 |
|    | <b>CADEIRA DE RODAS: 2KG.</b>         |

### **CARREIRAS NIVEL III**

#### CÓDIGO:

- |    |   |
|----|---|
| 15 | 25 M. MARCHA ASISTIDA                   |
| 16 | 25 M. MARCHA                            |
| 17 | 25 M. CARREIRA                          |
| 18 | 25 M. ASISTIDA VERBALMENTE POLO MONITOR |
| 19 | 25 M. CADEIRA DE RODAS                  |
| 20 | 50 M. MARCHA                            |
| 21 | 50 M. CARREIRA                          |
| 22 | 50 M. CADEIRA DE RODAS                  |
| 23 | 50 M. MARCHA ASISTIDA                   |
| 24 | 60 M. ASISTIDA VERBALMENTE POLO MONITOR |

### **CONCURSOS NIVEL III**

#### CÓDIGO:

- |    |                                 |
|----|---------------------------------|
| 25 | SALTO DE LONXITUDE SIN CARREIRA |
| 26 | LANZAMENTO DE PELOTA- SOFTBALL  |

### **PROBAS DE RUGBY RECREATIVO:**

Paralelamente a realización das probas atletismo realizaranse probas de Rugby recreativo.

As persoas interesadas en participar cubriran no excel de inscrición a folla de Rugby co detalle dos/das deportistas participantes.

Os/as deportistas poderían participar nunha carreira e Rugby ou nun concurso e Rugby.

**PRAZO 9 DE ABRIL DE 2024**



Special Olympics  
Galicia



## **NORMAS BASICAS:**

\*Cada deportista poderá realizar un máximo de **2 probas** (unha carreira e un concurso). No caso de participar en relevos poderá facer tres probas (unha carreira, relevos e un concurso)

\*O/A deportista terá que respectala calle que se lle asigne. O xuíz árbitro poderá descalificar ó atleta se considera que o cambio de calle prexudica a outro deportista.

\*A carreira de 25 m. marcha asistida é para atletas que necesiten usar algún elemento de apoio para camiñar (bastóns, apoio físico, dunha persoa, etc.)

\*As carreiras de 25 m. e 50 m. marcha son para atletas que polas súas características non poidan correr, caso contrario serán desclasificados.

\*A carreira de 60 m. asistida verbal, é para atletas que necesiten unha axuda verbal doutra persoa ou calquera outro tipo de estímulo externo para correr. Non poderá haber contacto físico.

\*No salto de lonxitude (para nivel I e II) o/a atleta deberá saltar como mínimo 1 metro que é a distancia que hai entre a táboa de rexeite e o foso. Realizaranse tres saltos.

\*No salto de lonxitude sen carreira (para nivel III) os/as atletas deberán saltar con ambos pés dende o final da pista de carreira. Deberán usar ambos pés na saída, poden balancearse, elevando os talóns e dedos alternativamente pero non poderán levantar ningún pé do solo. Realizaranse tres saltos.

\*Na proba de 25 m. cadeira de rodas, é para atletas que se despracen mediante o uso de cadeira de rodas. Non poderán ser empuxados, arrastrados ou asistidos de ningunha forma durante a proba.

\*No lanzamento de peso é obrigatorio lanzar o peso por encima dos ombreiros e con unha soa man, senón o lanzamento será nulo. O lanzamento será dentro do círculo correspondente. Realízanse tres lanzamentos.

### **A inscrición dos/das participantes será coa entidade a que pertencen.**

#### **- DESCALIFICACIÓNS:**

Os atletas poderán ser descalificados sempre que melloren a marca de inscrición **Nun 25 %.**

Estas descalificacións non se farían efectivas nas mellores series de cada proba, dado que entendese que sobre pasando esta marxe de mellora non prexudican a outros/as atletas, xa que non se poden colocar nunha serie mais alta.

**PRAZO 9 DE ABRIL DE 2024**



## NORMAS UNIFICADOS

- ✎ OS EQUIPOS DE RELEVOS SON DUN MÁXIMO DE 4 INTEGRANTES DOS CALES UN MAXIMO DE 2 PODEN SER UNIFICADOS/AS.
- ✎ OS/AS DEPORTISTAS UNIFICADOS SERÁN MAIORES DE IDADE E NON PODERÁN SER ADESTRADORES/AS O MESMO TEMPO.
- ✎ OS/AS DEPORTISTAS UNIFICADOS TERÁN HABILIDADES E NIVEIS SIMILARES DE XEITO QUE ESTARÁN EMPARELLADOS DA FORMA MÁIS IGUALADA POSIBLE.
- ✎ OS EQUIPOS UNIFICADOS SON DE NIVEL 1.
- ✎ A FUNCIÓN PRINCIPAL DO/DA DEPORTISTA UNIFICADO É DAR PARTICIPACIÓN E PROMOVER A INTEGRACIÓN.
- ✎ A NORMA DE EQUIPARACIÓN DE NIVEIS DE SPECIAL OLYMPICS GALICIA APLICARASE NAS PROBAS UNIFICADAS.

DOCUMENTACIÓN DOS DEPORTISTA UNIFICADOS:

- ✎ HOJA DE INSCRIPCIÓN- FORMULARIO B1
- ✎ AUTORIZACIÓN DEPORTISTAS UNIFICADOS/AS
- ✎ CERTIFICADO DE NEGATIVOS DE DELITOS DE NATUREZA SEXUAL
- ✎ FOTOCOPIA D.N.I.
- ✎ FOTOCOPIA TARXETA SANITARIA

(deportista unificado/a = deportista sen discapacidade intelectual)

### - OUTRAS CONSIDERACIÓNS:

**No caso de non Comparecencia ou retraso ó Acto de Inauguración e/ou Clausura, máis tarde da hora de concentración dos participantes sen xustificación real e válida, non se abonarán as cantidades correspondentes a Transporte e Dietas.**

**No caso de non Comparecer a Actividade en si, sen Xustificación e Notificación suficiente previa, a Entidade pasará a contraer unha débeda con SPECIAL OLYMPICS GALICIA .**

## **MOI IMPORTANTE**

**Todas aquelas baixas non xustificadas ou con causa de forza maior, levará consigo o pago de indemnización de 30 € por participante no evento, salvo que se comuniquen antes do prazo de inscrición e poida ser substituído, no caso do deportista por outro do mesmo nivel, sexo e proba.**

**Permitirase a modificación da marca dos/das atletas como máximo unha semana antes do evento.**

Se algún participante non se presenta na actividade, non poderá ser substituído por outro, salvo que sexa con unha semana de antelación e consultando previamente.

**PRAZO 9 DE ABRIL DE 2024**



**Special Olympics**  
**Galicia**

A organización reservase o dereito, en caso de haber poucos participantes de unha mesma categoría e/ou nivel, ou por cuestións organizativas, de anular probas e/ou modificala inscrición, previa comunicación a/as entidade/es afectada.

Para os desfiles de inauguración e clausura, que se realizarán durante os xogos, é necesario que **tódalas entidade vaian uniformados con roupa deportiva.**

**PRAZO 9 DE ABRIL DE 2024**



Special Olympics  
Galicia

## DETALLE DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DO TRANSPORTE O DÍA 20 de Abril do 2024

As persoas relacionadas a continuación realizaron o percorrido de  
\_\_\_\_\_ a Vilagarcía de Arousa o Sábado o 20 de Abril de 2024

Nº	APELIDOS E NOME	MONITOR OU PARTICIPANTE	TIPO DE TRANSPORTE
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			
11			
12			
13			
14			
15			
16			
17			
18			
19			
20			
21			
22			
23			
24			
25			
26			
27			
28			
29			
30			

En .....a .....de.....de 2024.

Asdo. O representante da Entidade  
(nome sinatura e selo)

**PRAZO 9 DE ABRIL DE 2024**

